



SERVICIO DE PATRIMONIO Y CONTRATACIÓN

PCO.001.2024.00579

Contrato: **Servizos de atención de visitantes ao Pazo de Mariñán**, co carácter de Contrato reservado a Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, de acordo coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público

Asunto: Informe de necesidades e insuficiencia de medios

Necesidades que se pretenden satisfacer co contrato e insuficiencia de medios para satisfacelas

1º) O Pazo de Mariñán e os seus xardíns foron declarados conxunto histórico-artístico e monumental por Real Decreto do 5 de outubro de 1972. A inmoble conta cunha gran afluencia de visitantes e, debido ao seu carácter de Ben de Interese Cultural (BIC) debe permitirse a súa visita pública.

A Deputación carece de medios persoais propios coa especialización que se require para prestar directamente os servizos de atención de visitantes, polo que é necesaria a contratación dunha empresa especializada.

2º) A disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público establece que mediante acordo do órgano competente das Entidades Locais, fixaranse porcentaxes mínimas de reserva do dereito a participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes dos mesmos a Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a empresas de inserción. No referido acordo fixaranse as condicións mínimas para garantir o cumprimento do establecido no parágrafo anterior.

En cumprimento do anterior, o Pleno da Deputación incluíu na Base 29ª das de Execución do Presuposto para 2024 as áreas de actividade obxecto dos contratos que poderán ser reservadas a Centros Especiais de Emprego e a empresas de inserción ou cuxa execución pode reservarse no marco de programas de emprego protexido, entre as que se atopan os Servizos de atención a visitantes aos inmobles do patrimonio provincial.

Polo exposto, e estando próxima a finalización do contrato anterior, que tamén se tramitou como contrato reservado, tendo en conta que é necesario continuar atendendo aos visitantes do Pazo de Mariñán, e que a Deputación carece de medios persoais propios coa especialización que se require para prestar directamente os servizos, propónse a tramitación do presente expediente de contratación como contrato reservado a Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, de acordo coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

A xefa do Servizo,

Beatriz Méndez López